



# CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

23-24 de marzo do 2024

## DÍA DE RAMOS



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA,  
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19

**E SEMPRE SEMENTANDO PAZ**



## 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

Empezamos na porta da igrexa

### SAÚDE DE BENVIDA

#### *Celebrante*

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Con este día de Ramos iniciamos a celebración da Pascua do Señor. Queremos acompañar a Xesús no seu camiñar nestes días. Imos cara Xerusalén.

A entrada de Xesús na cidade é unha entrada triunfal: un Rei que chega ao seu pobo e que trae a esperanza da vida nova, a derrota do pesimismo e a desgana. Un Rei aclamado por todos, que o acollen na súa vida.

Dende as portas da nosa igrexa parroquial, tamén nós queremos compartir ese triunfo da esperanza que nos trae Xesús. Que estes sinxelos ramos sexan o mellor dos símbolos para expresar que tamén nós estamos preparados para acoller con alegría ao Señor que entra no corazón de cada un de nós para DARNOS VIDA.

Hosanna, bendito o que ven no nome do Señor!

(Imaxinámonos a escena: Xesús chegando ás portas da cidade de Xerusalén. Onda el acoden moitos veciños e veciñas para o arrouparen e o aclamaren coma o que ten que vir no nome de Deus. Saíron ao seu encontro con cantos, e ramiños de oliveira). Escoitémolo

## LECTURA DO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Daquela, cando se aproximaban a Xerusalén, cerca de Betfagué e de Betania, ao pé do Monte das Oliveiras, mandou Xesús a dous discípulos dicíndolles:

- Ide á aldea que tendes aí por fronte, e ao que entredes, ides atopar atado un burro que ninguén montou aínda; soltádeo e traédeo. Se alguén vos pregunta por que o facedes, dicídelles: "Precísao o Señor, pero de seguida o mandará de volta".

Foron alá, atoparon o burro atado a un portal e desatárono. Algúns dos que andaban por alí, preguntáronlles:

- Que facedes aí desatando o burriño?

Eles contestáronlle tal como Xesús lles mandara. E leváronlle o burro a Xesús, que montou nel así que o cubriron cos seus mantos.

Moitos estendían tamén os seus mantos no camiño, para que lle servisen de alfombras; e outros, ramallos cortados nas chousas. E tanto os que ían diante coma os de detrás, exclamaban:

¡Hosanna!

¡Bendito o que vén no nome do Señor!

¡Bendito o reino do noso pai David que chega!

¡Hosanna no ceo!

*Palabra do Señor*

## ORACIÓN PROPIA DE RAMOS NA PORTA

**Celebrante:** Deus, noso Pai, dínate bendicirnos a todos nós, que con estes ramos nos reunimos aquí, á porta da igrexa, para acompañarnos con alegría a Cristo Rei. Concédenos que unidos a El, dando froitos de boas obras, poidamos ter parte na Xerusalén do ceo. Pedímoscho por Cristo Noso Señor. **(bendicimos os ramos)**

*Coma comunidade imitemos agora á moitedume que aclamaba a Xesús e vaíamos ao seu encontro en paz.*

**CANTO** 🎵 **O Señor noso Deus  
ou Unha xuntanza de amor**

**Entramos na igrexa**

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA NA SEDE

**Celebrante:** Señor, noso Deus, Ti quixeches que o teu Fillo, noso Salvador, compartira no medio de nós, e El, por todos, deu a vida na cruz, para darlle á humanidade un exemplo do teu amar.

Concédenos que a súa Vida e Paixón nos sirva de testemuño e merezamos participar na Resurrección.

Pedímoscho por Xesucristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

**(sentad@s)** a palabra de Deus proclámase dende o ambón

## LECTURA DO LIBRO DO PROFETA ISAÍAS

O Señor Deus concedeume lingua de discípulo, para saber instruír o cansado cunha palabra que o anime na mañá. El espreguiza pola mañá o meu oído para escoitar coma discípulo. O Señor abriu o meu oído, e eu non me rebelei, non me botei para atrás. Ofrecín o lombo aos que me azoutaban, e a miña cara aos que me arrincaban a barba. Non escondín a miña cara dos insultos e das cuspiñadas. Pero o Señor axudarame, por isto non me sinto avergonzado, e poño a miña cara coma un diamante, pois sei que non me avergonzarei.

### Palabra do Señor

🎵 *Na tardiña baixa da vida*

SALMO

(en pé) *No Leccionario B páxina*

EVANXEO

## PROCLAMACIÓN DA PAIXÓN SEGUNDO O SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

De mañanciña, os sumos sacerdotes cos anciáns e máis os letrados, isto é, todo o Sanedrín, despois dunha reunión do Consello, amarraron a Xesús e fórono entregar a Pilato.

Pilato preguntoulle:

- Es ti o rei dos xudeus?

Respondeulle:

- Ti o dis.

E os sumos sacerdotes acusábanos de moitas cousas.

Entón Pilato volveu preguntarlle:

- Non respondes nada? Xa ves de cantas cousas te acusan.

Pero Xesús non respondeu máis nada, de modo que Pilato quedou moi estrañado.

Pola festa de Pascua, tiña o costume de soltarlles o preso que eles lle pedisen. Estaba daquela na cadea un tal Barrabás, xunto cos sediciosos que nunha revolta mataran a un home. Cando subiu o xentío, empezou a reclamar o que era costume concederlles. Pilato respondeulles:

- Queredes que eu vos solte o rei dos Xudeus? Pois el ben sabía que llo entregarán por envexa. Pero os sumos sacerdotes encirraron á xente para que pedisen que lles soltase a Barrabás.

Pilato respondeulles:

- E que hei facer con ese que chamades rei dos xudeus?

Eles volveron berrar:

- Crucifícao!

Pilato replicoulles:

- E logo, que mal fixo el?

Pero eles berraban aínda máis forte:

- Crucifícao!

Pilato, para compracer ao pobo, soltoulles a Barrabás, mentres que a Xesús, despois de o mandar azoutar, entregouno para que o crucificasen.

Levárono a un lugar chamado Gólgota, ou sexa, lugar da Caveira. Crucificárono e repartiron a roupa, botando

sortes para saber o que lle tocaba a cada un.

Era a media mañá cando o crucificaron. Un letreiro anunciaba a causa da súa condena: "O rei dos xudeus".

Chegado o mediodía, a escuridade cubriu toda aquela terra ata as tres da tarde. E ás tres da tarde, Xesús exclamou con voz resoante:

- Eloí, Eloí, lamá sabactaní?, que quere dicir "Meu Deus, meu Deus, por que me abandonaches?"

Xesús, dando un grito resoante, morreu.

O veo do templo rachou en dous de arriba abaixo. O centurión, que estaba enfronte de Xesús, e que o viu expirar daquel xeito, dixo:

- Verdadeiramente este home era Fillo de Deus!

### Palabra do Señor



(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón

## PROFESIÓN DA FE

*Celebrante* Neste encontro parroquial, camiño xa da Pascua, renovamos a nosa vida, e damos resposta da fe que compartimos:

***Si creemos***

***Monitor/a***

Credes en Deus Pai,  
Deus de esperanza e non de medos,  
Deus de saúde e non de enfermidade,  
Deus de vida e non de morte?

***Si creemos***

Credes en Xesús, o seu fillo benquerido,  
que no camiño da Paixón e da súa entrega na vida,  
nos amosa un amar sen límites?

***Si creemos***

Credes no Espírito Santo,  
que nos alumea no corazón para acoller e dar vida  
no medio de tanta morte e violencia  
que para nada entendemos?

***Si creemos***

Credes na Igrexa feita dende a paz,  
comunidade que peregrina cara á Pascua,  
cara á Vida, no camiño de Cristo Resucitado?

***Si creemos***

(en pé)

## ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante** Señor, cos nosos ramos queremos hoxe camiñar á túa beira, queremos deixarte camiñar á nosa beira, e queremos tamén achegarnos aos que sofren e cargan cruz na vida. Por iso seguindo os teus pasos dicímosche:

### SEÑOR, CAMIÑAMOS CONTIGO

**Monitor/a**

- ✓ Facemos camiño, para que coma Ti, coas nosas palabras, sexamos exemplo de ilusión e esperanza para as persoas que se senten crucificadas na vida, oremos
- ✓ Facemos camiño, para que, coma Ti, coas nosas mans, sexamos capaces de ter feitos cribles para quen se sente fracasado, oremos
- ✓ Facemos camiño, coas xentes que o están pasando tremendamente mal, feridos nunhas guerras e violencias que nos escandalizan e non entendemos, oremos
- ✓ Facemos camiño, para que, coma Ti, dende o corazón, sendo coidadosos, sexamos capaces de implicarnos á hora de facer un mundo mellor, oremos
- ✓ Facemos camiño, para que, coma Ti, dende as nosas cruces, nos confiemos ás mans de Deus Pai, oremos

**Celebrante** Señor, Ti que nos queres vivos e dando vida, non deixes que as cruces e os medos de hoxe nos convertan en persoas mortas e baleiras. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.

## 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

### NOSO PAI

**Celebrante:** Coma Xesús, querendo pousar as nosas vidas nas mans do Pai, pedimos hoxe que sexamos testemuñas do seu DAR VIDA sendo responsables e coidadosos da nosa fe, e sendo e dando exemplo de homes e mulleres de paz. Dicimos:

NOSO PAI ...

### SIGNO DA PAZ

**Celebrante** Coma Cristo, moitas veces son os demais os que nos axudan a sentirnos cheos de vida, moitas veces é aos demais aos que queremos agasallar coa nosa vida. Fagámolo hoxe compartindo un desexo sincero de paz para con todas as xentes.

### COMUÑÓN

**Celebrante** Temos compartido con Cristo no camiño da súa vida, temos compartido con Cristo no camiño da súa paixón e da súa cruz, esperando compartir con Cristo na Resurrección, compartímolos agora sabéndonos convidados neste banquete do Señor.

**Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar**

🎵 n° 50 Na tardiña baixa da vida

#### 4.- AVISOS E DESPEDIDA

##### ORACIÓN FINAL

###### *Celebrante*

Señor, celebramos a vida do teu Fillo, acompañándoo hoxe cos ramos na súa entrada triunfal en Xerusalén.

Fainos esperar o que nos promete a nosa fe e concédenos chegar pola súa resurrección á **VIDA QUE ESPERAMOS.**

Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

*Hoxe, cos nosos ramos, queremos facer o noso camiño cara a Pascua, da man de Xesús.*

*Coma El non queremos quedarnos en rutinas e costumes, queremos máis ben facer crible e viva a Pascua.*

*Con Cristo crucificado queremos achegarnos á vida dos que malviven a traxedia de refuxiados, das que sofren violencia de xénero, dos que se senten mortos e enterrados nas escandalosas guerras e violencias.*

***Que teñamos un bo día, unha boa Pascua e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.***

***Avísase das misas (ver folla do mes).***



##### “CRUCIFICÁRONO”

*Palabra de VIDA no evanxeo de hoxe*

